

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Xosé Feixó Cid: Dicionario ortográfico da lingua galega

Bastante máis que ortografía

Dicionario ortográfico da lingua galega

Xosé Feixó Cid

Xerais, Vigo, 2006. 537 páxs., 26 

Malia o que di o título, non estamos só ante un dicionario ortográfico, pois ofrece moita máis información ca a ortografía correcta duns corenta mil termos: extracta e explica dun xeito moi pedagóxico a chamada Normativa de Concordia, engade cadros ou resumos gramaticais en que trata os temas básicos da morfosintaxe galega, proporciona un sinxelo dicionario da conxugación e ata ofrece unha listaxe de xentilicios e topónimos. Xa que logo é un libro de consulta que non debe faltar na mesa de traballo do profesional da lingua.

- 19:18 06/04/2006

A parte máis extensa do dicionario (como non podía ser doutro xeito nun dicionario ortográfico) reproduce o *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, dos profesores Santamarina e González, oficializado pola Real Academia Galega, coa súa publicación e sanción en 2004. É un acerto a publicación deste vocabulario ortográfico oficial, máxime cando a edición da Academia está esgotada. Este vocabulario, que mecanografado circulou dende a metade dos oitenta, é a base de practicamente todos os dicionarios actuais do galego e foi fundamental a súa existencia para poder elaborar os textos para o ensino das diferentes materias. Podemos dicir que faltan uns termos, que disentimos en casos concretos, pero nunca se valorará bastante o que supuxo este vocabulario na estandarización léxica do galego. Por outra banda, amosa este vocabulario o cambio de criterio do ILGa cara a un galego "identificado" e descastelanizado. Abonda con comparar o *Vocabulario Ortográfico* co léxico de *Galego 1, 2, 3* (os métodos de aprendizaxe de galego do ILG, dos anos setenta) ou mesmo co *Dicionario Básico da Lingua Galega*, tamén do ILG, de 1980.

Feixó non se limita a reproducir o vocabulario, senón que corrixe erros de imprenta, engade castelanismos habituais que cómpre rexeitar ou dálle ao vocabulario unha fasquía máis pedagóxica e de máis doada consulta.

Ademais, o vocabulario ortográfico vai seguido por máis dun cento de páxinas en que o autor resume e explica pedagóxicamente a Normativa de Concordia e tamén realiza unha síntese de gramática galega, que ofrece normas claras sobre a acentuación, o emprego do artigo, as regras da comparación, a formación do xénero e do número e ata un sinxelo dicionario para a conxugación dos verbos. No fondo é unha gramática sintética do galego. Botamos en falta que non ofrezca neste resumo gramatical información sobre os empregos

do infinitivo conxugado.

En canto á materialidade do dicionario, hai que sinalar que a súa encadernación resulta un acerto. As pastas plastificadas permiten un manexo doado, pode abrirse, dobrarse e sobre todo é de pouco peso. Ocupa moi pouco espazo e resulta moi vantaxosa a relación espazo-peso-cantidade de información ofrecida.

Só botamos en falta neste dicionario que non se comenten as preferencias académicas últimas e posteriores á Concordia. Ben é certo que son correctos *librería/libraría*, pero as *NOMIG* prefiren *librería*.

Paradoxalmente o recente *Diccionario castelán-galego* da RAG dálles un trato de paridade, co que se contradí coa Normativa de Concordia. Algo similar ocorre co sufixo *-ble/-bel*, que as *NOMIG* consideran sen preferencia, aínda que no texto empregan a forma en *-ble* ("amable"), que é a única que ofrece o recente dicionario castelán-galego da RAG.

Por outra banda, un dicionario deste tipo tamén debería prestar máis atención ás inconsecuencias académicas, lagoas normativas e contrapostas ou disidencias da norma académica, por máis que esta se acepte. Por exemplo, escribiremos *Idade Media* ou *idade media* (o citado dicionario da RAG unhas veces grafa con maiúscula inicial e outras con minúscula e o mesmo ocorre con "papa/Papa, goberno/Goberno, administración/Administración...")? Vemos que o dicionario de Feixó coloca coma antes de "etc", como fai case todo o mundo, cando as *NOMIG* e o citado dicionario académico non o fan. Poderíamos citar moitos máis casos deste tipo. Cumpriría tamén algún comentario ou apéndice sobre as parellas *ganar/gañar*, *lembrar/recordar*, *aparato/aparelo*, *pechar/cerrar*..., máxime cando o citado dicionario castelán-galego da RAG, nos seus exemplos, opta maioritariamente polo termo común co castelán. Un apartado ou apartados onde o autor tratase estes temas enriquecería enormemente este dicionario normativo.

Xa que logo, estamos ante unha obra que cómpre mercar e ter como referencia sobre a nosa mesa de traballo. A calidade material da edición tamén aconsella esta compra e ademais o prezo ♦ tal e como andan os dicionarios- tampouco está nada mal.

[mércao en Andel](#)